

TES QUE SABELO!



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

ANO 1 - NÚMERO 6
XULLO 2017

Editado polo Grupo Municipal
do BNG

Rúa Leicures, 14-1º

36680 A Estrada

aestrada@bng.gal

618790646

bngdaestrada.wordpress.com

twitter.com/bngaestrada

facebook.com/bngdaestrada

O BNG ESIXE CAMBIOS NAS ADXUDICACIÓNS PÚBLICAS

Páxina 2 >>


O DEPUTADO DO BNG, XOSÉ LUÍS RIVAS "MINI" LEVA AO PARLAMENTO AS DESFEITAS CAUSADAS POLA FAUNA SALVAXE NA ESTRADA

Páxina 2 >>

O 71,4% DAS ADXUDICACIÓNS DO GOBERNO DE LÓPEZ SON A DEDO O CASO FAILDE É SÓ A PUNTA DO ICEBERG

ADXUDICACIÓNS
**CONCURSO
PÚBLICO**

ADXUDICACIÓNS
A DEDO



Dos 3.195.014,21 € adxudicados polo concello para contratar obras, subministros e servizos en 2016, só 914.054,71 € se adxudicaron mediante concurso público. O resto, o 71,4% dos contratos do goberno municipal do PP durante ese ano fixéronse mediante o procedemento de negociado sen publicidade e adxudicación directa, isto é, a dedo.

O procedemento de negociado sen publicidade, así como a adxudicación directa é discriminatoria pois impide que todas as empresas interesadas en traballar coa administración poidan facelo en igualdade de condicións, reservándose só para os amigos.

Con esta forma de xestionar os recursos públicos que ten o alcalde da Estrada non son de estrañar casos como os de Failde, até hai poudos días xefe de protección civil e membro da executiva local do PP, que contraba coa Xunta de Galiza, a través da súa empresa especializada en emerxencias. Un turbio asunto, que, á marxe da se é legal ou non, deixa en moi mal lugar ao alcalde, José López, politicamente responsábel do caso ao ser o padriño político de Carlos Failde.

As adxudicacións a dedo do goberno de López, así como as súa xestión escurantista e pouco transparente, deixa entrever que o Caso Failde pode non ser un caso illado e ser a punta do iceberg de algo aínda máis grave.

O BNG ESIXE CAMBIOS NAS ADXUDICACIÓNS PÚBLICAS

Para o BNG a adxudicación públicas deben estar libre de toda sospeita. Neste sentido, o concelleiro do BNG, Xosé Magariños, propón que “con carácter xeral aqueles contratos que realice o concello (con provedores, de obras, ...) deben realizar por procedementos que inclúan a publicidade fuxindo das adxudicacións directas e os Negociados Sen Publicidade (obviamente naqueles nos que polo obxecto e contía a lei non o esixe), establecendo un Regulamento Municipal de Contratación, así coma a publicación de todos os contratos e un estrato anual dos pagos realizados a cada unha das empresas que inclúa a razón social, o concepto e o importe abonado polo Concello.”

Tamén pide que todos os grupos con representación estean representados nas mesas de contratación con voz, pero sen voto, para facer unha fiscalización efectiva e en tempo real das adxudicacións do concello.

"Por outra parte, e non menos importante," indicou o concelleiro nacionalista, "propoñemos que nos pregos de contratación valoren tamén o cumprimento das obrigas empresariais cos seus empregados e empregadas e o respecto aos dereitos sociais e salariais dos mesmos sendo causa de non admisión ou valoración negativa ter nos antecedentes a vulneración dos mesmos".

O DEPUTADO DO BNG, XOSÉ LUÍS RIVAS “MINI” LEVA AO PARLAMENTO AS DESFEITAS CAUSADAS POLA FAUNA SALVAXE NA ESTRADA

O BNG está comprometido co sector agro-gandeiro na procura dunha solución aos reiterados ataques a cultivos e gando por parte da fauna salvaxe. Unha situación, que está motivada pola desastrosa política agro-gandeira e forestal do PP dos últimos trinta anos”.

O deputado do BNG anunciou, que “temos en axenda diversas proposicións non de lei e outras iniciativas para tratar este asunto, que resulta moi prexudicial para os intereses dos gandeiros e das gandeiras da Estrada”.



O deputado no Parlamento Galego indicou que “se estamos todos de acordo en que a diversidade medioambiental é necesaria e un ben que non podemos perder, o que si temos claro no BNG é que o que tamén compre protexer é ao gandeiro e gandeira, porque, ademais de proporcionarnos alimento, cumpre unha función social no rural da que non podemos prescindir se queremos un rural vivo e especialmente se queremos unha Galiza con futuro”.